



| SEDE | DIRECCIÓN | TELÉFONO | FAX | E-MAIL |
|---|--|-------------------------|-------------|---|
| Redacción, Administración y Publicidad: | Lepanto, 5. 36001 Pontevedra. | Centralita: 986 011 100 | 986 011 144 | diario@diariodepontevedra.com |
| Delegación Marín y Morrazo | C/ Rúa do Sol. 8. Marín | 986 890 240 | | marin@diariodepontevedra.es cangas@diariodepontevedra.es |
| Delegación Vilagarcía | C/ Avda. de A Mariña, 60. 2º. Vilagarcía | 986 506 745 | | vilagarcia@diariodepontevedra.es |
| Delegación Lalín | C/ Alcalde Ferreiro, nº 14-Ent. Lalín | 986 784 848 | | lalin@diariodepontevedra.es |

‘Foi iso’. A memoria do feito

► Unha nova andaina do proxecto ‘Cabodano do traballo editorial do Centro de Estudos Fotográficos’ leva a Almudena Fernández a instalar unha obra na Facultade de Belas Artes

FOGUETESVERDES

RAMÓN ROZAS



UN TRABAJO feito a propósito para un espazo determinado, neste caso, a biblioteca da Facultade de Belas Artes, é o proxecto que lle plantexou Manuel Sendón á profesora e creadora Almudena Fernández Fariña para iniciar, dese xeito, a segunda etapa de ‘Cabodano do

traballo editorial do Centro de Estudos Fotográficos’. Unha proposta a diferentes artistas para que traballen a partir das publicacións feitas por ese Centro Fotográfico, cun singular soporte, como son toda unha serie de monografías de diferentes fotógrafos, entre eles moitos que xurdiron da propia Facultade pontevedresa. De feito, o proxecto naceu neste mesmo espazo arredor da obra de Rut Massó en 1994, por iso esta nova andaina ten moito de fornecer ese elo co propio centro académico. Un pechar o círculo (que terá a súa con-

tinuidade nas redes sociais) que da man de Almudena Fernández, propón unha obra expandida por diferentes espazos da biblioteca, empregando os seus diferentes soportes para instalar o troquelado

Unha nova realidade que se enfrenta ao pasado

de varios deses libros da colección Do Trínque do que resulta a expresión ‘Foi iso’, tomada de Roland Barthes e o seu ensaio ‘A cámara clara’, tanto en positivo como en negativo. A presenza e máis a ausencia xogan nun diálogo de formas e baleiros cos que se fan da destrución dos libros, pero tamén dunha nova utilidade, dunha renovación expresiva que ten o seu acougo nun espazo no que o libro é protagonista como unha biblioteca. Xérase unha nova realidade que se enfrenta ao pasado e a reelaboración do obxecto, ta-

mén cun concepto de seriación, moi presente sempre no traballo desta pintora que nunca deixa de sorprender coa súas obras.

Este ‘Cabodano II’ arrinca con Almudena Fernández e continúa, deste xeito, a aliviar o loito polo que se deixou de facer, por aquela publicación de libros que chegou a sumar 44 títulos, 22 dentro da colección Do Trínque, dos que 10 estiveron protagonizados por alumnos de Belas Artes que viron como un profesor, Manuel Sendón, confiou no seu traballo plantexado na clase para protagonizar unha publicación, seguramente por primeira vez na súa vida. ‘Foi iso’ non deixa de ser unha mirada cara a memoria do feito.



Instalación de Almudena Fernández na biblioteca da Facultade de Belas Artes. EDUARDO MUÑOZ/DUVI



Naturesueño

Lo natural es dormir bien

Rúa Benito Corbal, 29 (Esquina Plaza Barcelos) Pontevedra / 986 10 44 84

pikolin terxy SONPURA BULTEX pardo

30 MESES SIN INTERESES

*consulte condiciones en tienda